

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Melón para o financiamento dos gastos extraordinarios causados polos incendios forestais que afectaron a Galicia no verán de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Emilio Luis Díaz Vidal, alcalde do Concello de Melón, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Pola súa vez, o artigo 29 do devandito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de administración local e a este centro directivo correspóndelle, en



particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

Asemade, o Decreto 76/2025, do 29 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, na súa disposición derradeira primeira faculta a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para que no ámbito das súas competencias dite as medidas necesarias para a aplicación deste decreto.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas, entre estas a seguridade en lugares públicos.

Sexto. Este obxectivo común reforzase no contexto actual marcado polos incendios forestais que están afectando a Galicia, especialmente á provincia de Ourense, situación adquiriu unha especial complexidade pola confluencia de condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e un período prolongado de seca, que favoreceron a rápida propagación do lume xerando unha situación de emerxencia humanitaria e social, provocando importantes danos persoais e materiais que é urxente e inaprazable reparar.

Sétimo. A vaga de incendios producidos durante no verán de 2025, está a ocasionando danos en bens de titularidade municipal que afectan o normal funcionamento dos servizos públicos. A reparación destes danos está supoñendo importantes de gastos extraordinarios as facendas municipais das entidades locais máis afectadas.

Co fin de paliar os danos ocasionados, o 29 de agosto de 2025 o Consello da Xunta, en reunión extraordinaria, aprobou o Decreto 76/2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025. De conformidade con este decreto, serán beneficiarias destas axudas, entre outros, as entidades locais afectadas.

Mediante este convenio instrumentáanse as axudas tendentes a paliar os danos causados e atender ás situacións de necesidade nas que se atopan os concellos afectados, contribuíndo así a inmediata restauración comunitaria e urbanística das zonas damnificadas para que poidan volver canto antes a normalidade, así como manter a actividade económica dos territorios danados.

Na situación antes descrita é precisa a inmediata realización de obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, cubrir os gastos de limpeza e restauración destes, costear a recollida e traslado de restos, a adquisición de diverso materia necesario para a reposición dos servizos afectados polos incendios ou para a posta a disposición do persoal de emerxencias que se despregou na zona.



Compre tamén colaborar cos concellos para que poidan afrontar custos producidos pola atención á poboación evacuada ou ao persoal, tanto propio alleo, integrante do operativo de extinción e resarcilos polos gastos que aboan aos veciños que colaboraren nas labores de extinción.

En definitiva, os principios de cooperación, colaboración e solidariedade exigen, nunha situación como esta, sen precedentes, instrumentar os mecanismos necesarios para ca maior celeridade axudar aos concellos a afrontar os de gastos imprevistos, urxentes e extraordinarios, producidos a consecuencia da situación de emerxencia creada polos incendios forestais producidos durante o verán de 2025, gastos asumidos polos concellos afectados que supón para estes un importante incremento do gasto municipal.

Xa que logo, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o restablecemento do normal funcionamento da entidade local que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia aos concellos afectados, o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, destinado á reparación dos danos causados polos incendios forestais están afectar a Galicia no verán de 2025, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Melón .

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Melón , co fin de que esta entidade local poida recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza e asemade contribuir á conservación, reposición e restauración do ambiente.

Noveno. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo ás aplicacións orzamentarias 05.04.141A.461.25 e 05.04.141A.761.25 (C.P 2025. 00191) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os anos 2025 e 2026, nas que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Melón acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Melón para o financiamento dos gastos extraordinarios de reparación dos danos causados polos incendios forestais do verán de 2025, que comprenden os seguintes:

- Os gastos derivados das actuacións levadas a cabo polos concellos como consecuencia dos incendios e os danos causados nos bens de titularidade municipal.
- Os gastos nos que incorresen os veciños pola súa colaboración coa extinción e que fosen resarcidos polos concellos.



O orzamento total destes gastos ascende a un total de 216.761,21 € (IVE incluído), segundo a relación valorada de gastos subvencionables aprobada pola Dirección Xeral de Administración Local con base no orzamento presentado polo concello, que se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

Segunda. Obrigas do concello

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello beneficiario:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución das actuacións para as que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. De ser o caso, achegar o cofinanciamento necesario para a total execución do proxecto subvencionado.
4. Tramitar o expediente de contratación das obras, subministracións ou servizo conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
5. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
6. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. No caso de se realizar pagamentos anticipados e as entidades beneficiarias non presentasen a xustificación da subvención no prazo e na forma previstos neste convenio.
 - c. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - e. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
7. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.
8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse



no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
10. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
11. Colaborar e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización das actuacións á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración mediante a achega máxima de 216.761,21 € con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os anos 2025 e 2026, nas aplicacións que se sinalan no cadro de distribución por anualidades que se insire a continuación, nas que existe crédito adecuado e suficiente:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	C.P.	Importe (€)
2025	05.04.141A.461.25	2025 00191 - Axudas incendios agosto 2025	44.060,94 €
	05.04.141A.761.25		63.183,02 €
2026	05.04.141A.761.25		109.517,25 €
TOTAL			216.761,21 €

2. O importe da subvención fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total dos gastos, polo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución dos gastos subvencionables.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordades co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que, neste caso, se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Para os efectos deste convenio consideraranse gastos subvencionables os teñan como obxecto:

- a. Obras de demolición, reparación, mantemento, reposición, rehabilitación, restauración ou reforma das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios.
- b. Gastos de limpeza e restauración ambiental das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, incluída a recollida e traslado de restos.
- c. Os gastos de alugueiro, combustible e reparación de maquinaria e vehículos.



- d. Gastos de traslado, aloxamento e mantenza da poboación evacuada ou do persoal, tanto propio como dos efectivos integrantes do operativo de extinción, que o concello tivese que asumir.
- e. Gastos de adquisición de material para a reposición dos servizos afectados polos incendios e para a posta a disposición do operativo de extinción.
- f. Os gastos en que incorresen os veciños e veciñas pola súa colaboración na extinción e que lles foran resarcidos polo concello.
- g. En xeral, calquera outro directamente relacionado coa situación dos incendios do verán de 2025 en bens de titularidade municipal.

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria, no caso de investimentos, deberá dar publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial. As medidas de publicidade consistirán na colocación dun cartel publicitario ou dun rótulo que estará instalado durante a execución do proxecto, no caso das obras, e en todos os casos manterase durante o período mínimo de 5 anos.

A entidade beneficiaria empregará os modelos que se incorporan segundo a natureza do investimento nos anexos II e III, a este convenio, no cal consten expresamente o financiamento da Xunta de Galicia.

Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.

Sexta. Pagamentos anticipados

1. De acordo co establecido no artigo 3.4 do Decreto 76/2025, do 29 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, poderase realizar o pagamento do 100% do importe de cada anualidade, en concepto de pagamento anticipado.
2. A concesión dos anticipos realizarase mediante resolución motivada, logo de solicitude da entidade beneficiaria na que esta fará constar as razóns en que fundamenta a necesidade do pagamento inmediato para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, así como o importe do anticipo solicitado, o cal non poderá exceder da cantidade expresada no parágrafo anterior.
3. Para estes efectos, as entidades beneficiarias das subvencións reguladas mediante este convenio, están exoneradas da constitución de garantías en aplicación do establecido no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia e do Decreto 76/2025, do 29 de agosto.
4. O pagamento do anticipo da primeira anualidade realizarase trala sinatura do convenio. O pagamento anticipado da segunda anualidade realizarase durante o primeiro trimestre do exercicio orzamentario.
5. En ningún caso se librará o importe correspondente ao anticipo da anualidade 2026 en tanto non estea correctamente xustificada a anualidade 2025

Sétima. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, no caso de non solicitar o seu pagamento anticipado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o concello beneficiario deberá acreditar a execución do proxecto



subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación xeral para todos os gastos de funcionamento e de investimento nos que incorra o concello como consecuencia dos incendios:

- a) Informe da intervención municipal, no que faga constar que se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Prezos do cartel ou carteis informativos ou rótulos e data de colocación de cada un destes elementos.
 - c) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na cal se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga por parte do órgano competente.
 - Que os gastos de persoal incorporados na relación anterior foron aplicados á execución do proxecto subvencionado dentro do prazo de execución e xustificación establecido no presente convenio
 - Que, segundo informe da persoa secretaria do concello, a contratación das obras, subministracións ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público.
 - d) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:
 - Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
 - Fotografías do cartel ou carteis das actuacións ou da rotulación segundo os modelos dos anexos II e III deste convenio, colocados nun sitio visible no lugar das actuacións.
2. No caso de gastos nos que tivera incorrido a veciñanza pola súa colaboración na extinción dos incendios que afectaron a Galicia no verán de 2025 o concello presentará declaración responsable consonte o modelo do anexo IV dos gastos nos que incorrera a veciñanza pola súa colaboración na extinción dos incendios que afectaron a Galicia no verán de 2025.



3. Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte do concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.
4. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención. Todos os documentos xustificativos dos gastos e pagamentos así como as declaracións responsables pagamentos realizados polos veciños/as da deberán de permanecer nas oficinas do concello a disposición do órgano concédente destas achegas para a súa posterior comprobación, de selo caso.
5. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de decembro de cada ano.
6. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

Oitava. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución das actuacións que constitúe o obxecto deste convenio, o Concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións subvencionadas, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación das obras, subministracións ou servizos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán estas as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a resolución de adjudicación da obra, subministración ou servizo, na que se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adjudicación fundados na mellor relación calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Novena. Réxime de persoal

Naqueles supostos nos que para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio fose precisa a contratación de persoal, a subscrición do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En



consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante destes profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón.

Décima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do concello beneficiario ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.
 - Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación das obras, subministracións ou servizos que constitúen o obxecto da subvención.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.
 - c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o obxecto da subvención, relacionadas no orzamento do anexo I e na memoria valorada achegada polo concello beneficiario.

Décimo primeira. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o Concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.



- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións

1. Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais
2. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.
3. Estas axudas son subsidiarias respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarios os afectados.

Décimo terceira. Modificación do convenio.

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, mediante a correspondente addenda, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.
3. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes, e xuntaralle a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:
 - a) Memoria xustificativa, na cal se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
 - b) Orzamento ou proxecto modificado.
 - c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.



Décimo cuarta. Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

En concreto, no caso de subvencións superiores a 60.000,00 €, con carácter previo á proposta de pagamento realizarase a comprobación material do investimento, do cal quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada por unha persoa representante da Administración e pola persoa representante da entidade beneficiaria. A comprobación material poderá encomendárselle a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, poderase substituír esta comprobación por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Décimo quinta. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do Concello.
2. A Comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo sexta. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo sétima. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2026.



Décimo oitava. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo novena Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Vixésima. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Vixésimo primeira. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Melón

Emilio Luis Dfáz Vidal



ANEXO I. ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS

Concepto	Gastos correntes	Investimentos	TOTAL
Obras nos bens municipais afectados polos incendios		121.670,21	121.670,21
Obras de reparación en viais municipais afectados	44.060,94	51.030,06	95.091,00



ANEXO II - MEDIDAS DE PUBLICIDADE DAS OBRAS

	<h1>XUNTA DE GALICIA</h1>	Espazo para inserir o escudo ou logotipo do concello
ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO		
Orzamento: _____ €		
Reparación dos danos causados polos incendios forestais do verán 2025		



ANEXO III - MEDIDAS DE PUBLICIDADE OUTROS INVESTIMENTOS DISTINTOS DAS OBRAS

COLOCACIÓN DO RÓTULO:

- Vehículos todoterreos, camiões ou similares, a rotulación colocarase na zona baixa dos laterais dos vehículos en dirección de cara adiante, entre os dous pases de roda.
- Vehículos especiais (rozadoiras, tractores ou similares), a rotulación situarase nunha zona visible do vehículo.
- Outro equipamento ou investimento a rotulación colocarase nun lugar visible

CORES:

- As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.

INSTRUCCIÓNS PARA O RÓTULO:

- O escudo e o nome do concello non serán de tamaño superior ao da Xunta de Galicia
- O tamaño do rótulo será proporcionado ao tamaño do vehículo, maquinaria ou investimento subvencionado



**ANEXO IV - DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS GASTOS NOS QUE INCORRESEN OS/AS
VECÍÑOS/AS POLA SÚA COLABORACIÓN NA EXTINCIÓN DOS INCENDIOS QUE AFECTARON A
GALICIA NO VERÁN DE 2025**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
RAZÓN SOCIAL					NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM	BLOQ	ANDAR PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO				
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN, O/A ALCALDE/SA						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
En relación coa solicitude dunha subvención para o proxecto denominado reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 no Concello de Melón						
DECLARO						
1. A relación dos/as veciños/as do meu concello e os gastos nos que incorreron por mor da súa colaboración na extinción dos incendios ocorridos en Galicia durante o verán de 2025, son os/as que a continuación se relacionan:						
NOME E APELIDOS		NIF	CONCEPTO	IMPORTE €(IVE INCLUÍDO)		
2. Todos os documentos xustificativos dos gastos e pagamentos así como as declaracións responsables pagamentos realizados polos veciños/as da anterior relación están a disposición do órgano concedente destas achegas para a súa posterior comprobación, de selo caso.						
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE						
Lugar e data						
	,	de		de		

